

Actividade interactiva - Seleccionar palabras dun parágrafo

www.webardora.net

Actividade na que o usuario ha de seleccionar unha serie de palabras nun texto atendendo a un ou máis criterios:

Selecciona de amarelo os nomes comúns e de azul os nomes propios.


As **costas** españolas están bañadas no **norte** polo mar Cantábrico, no **oeste** polo **océano** Atlántico e no **sur** e no **leste** polo **mar** Mediterráneo.

NOMES COMÚNS **NOMES PROPIOS**

ACERTOS:
0/1

?

Na pestana "Actividade" atopamos:



1. Haga doble clic para introducir datos

2. Selecciona los distintos parámetros para la actividad

ZONA 1


Aquí faremos dobre clic no recadro branco que está enriba das táboas e aparecerá unha ventá emerxente para introducir datos:

No recadro "Texto" da parte superior escribiremos o texto que aparecerá na área de traballo da actividade.

Nos campos 1, 2 e 3 (2) introducirán os criterios que o usuario usará para seleccionar as palabras e que aparecerán debaixo do texto na área de traballo da actividade. (Pode introducirse un só ou dous se se desexa)

Nos campos debaixo de cada un dos criterios (3) introduciremos as palabras que queiramos que o usuario seleccione no texto tal e como están escritas neste. Apuntar que se introducimos nestes campos unha palabra que no texto se repite dous ou máis veces, o usuario terá que marcala en todas as ocasións.


Finalmente vemos que debaixo de cada columna de campos hai 2 botóns (4). Co da parte superior elixiremos a cor de fondo do recadro que conterá o criterio desa columna, e co botón inferior a cor do texto que irá dentro do devandito recadro (o que introducimos nos campos (2)).



ZONA 2

Co botón (1) escolleremos o tipo de fonte que queiramos para texto e botóns de criterios e co (2) o seu tamaño. No campo (3) especificaremos o ancho da área de traballo da actividade; o alto calcúlao








2 Selecciona los distintos parámetros para la actividad



Actividade interactiva - **Seleccionar palabras dun parágrafo**

www.webardora.net

Ardora automaticamente dependendo da cantidade de texto introducido no recadro da zona 1. Coa lista despregable (4) decidiremos o tipo de liña que terá o recadro que rodeará ás palabras que se seleccionen:

"dashed" > discontinua	
"dotted" > de puntos	
"double" > dobre grosa	
"groove" > fina	
"none" > sen liña	
"ridge" > reberetado fino	
"solid" > sólida	

Cos botóns (5) indicaremos o tipo de sombra que presentarán os recadros das palabras que o usuario seleccione no texto, tanto ao facer clic sobre elas como situando o punteiro do rato enriba destas unha vez seleccionadas: sen sombra, con sombra na parte interior ou con sombra na parte exterior respectivamente. Cos botóns (6) decidiremos se todos os recadros da actividade terán ou non as esquinas redondeadas e marcando a casa (7) faremos compatible a actividade con dispositivos de pantalla táctil.